

XXX CERTAME LITERARIO XOÁN DÍAZ - CONCELLO DE CAMBRE 2024

BASES DA XXX EDICION DO CERTAME LITERARIO XOÁN DÍAZ - CONCELLO DE CAMBRE 2024

PRIMEIRA.- Poderá participar neste certame calquera moza/-o de idade comprendida entre os 12 e os 30 anos cumpridos antes da data límite de presentación das popostas, segundo as seguintes categorías:

- CATEGORÍA A: de 12 a 14 anos
- CATEGORÍA B: de 15 a 18 anos
- CATEGORÍA C: de 19 a 30 anos

SEGUNDA.- Cada participante poderá presentar unha proposta a calquera das tres modalidades: Poesía, Narración breve e Microteatro.

- Modalidade de poesía: presentaranse tres poemas como mínimo, de tema e forma libres.
- Modalidade de narración breve: a extensión máxima será de cinco páxinas por unha soa cara e o tema libre.
- Modalidade de Microteatro: a extensión será de entre 5 e 10 páxinas, a unha soa cara, con tema libre.

TERCEIRA.- Os traballos estarán escritos en lingua galega e deberán ser orixinais, inéditos e non premiados. Deberán estar escritos con ordenador, en tamaño A4, espazamento entre liñas simple e tamaño de letra 12; paxinados e sen asinar.

CUARTA.- Os traballos presentaranse a través de rexistro electrónico (sede.cambre.es) ou por calquera das outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso das persoas concursantes menores de idade, este rexistro realizarase por parte da nai, pai ou titor legal. En calquera caso, na solicitude indícarase que vai dirixida ao SERVIZO DE BIBLIOTECAS, a fin de participar no CERTAME LITERARIO e no texto figurarán o PSEUDÓNIMO, TÍTULO DA OBRA e CATEGORÍA. Achegarase de maneira anexa tres arquivos PDF. O primeiro deles coa ficha de inscrición da persoa concursante cuberta; no segundo arquivo achegarase o DNI e, finalmente, no terceiro, o traballo que levará o PSEUDÓNIMO e o TÍTULO da obra.

QUINTA.- O prazo para presentar solicitudes comezará a partir do día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria e remata o día 15 de abril de 2024. A composición e o fallo do xurado darase a coñecer 21 de maio de 2024.

SEXTA.- O xurado calificador, formado por cinco persoas, especialistas vencelladas ao ensino e/ou á creación literaria, examinará as obras presentadas, emitindo un informe final que detalle a valoración de cada participante conforme aos seguintes criterios: orixinalidade, técnica literaria e estilo. Por tratarse de elementos indispensables para determinar a calidade dun texto literario, estes tres criterios terán o mesmo peso relativo na valoración do xurado, que outorgará unha valoración de 0 a 10 puntos en cada criterio, sendo imprescindible obter unha valoración mínima de 5 puntos en cada criterio para optar aos premios do Certame, resultando, en calquera caso, unha puntuación máxima final de 30 puntos.

SÉTIMA.- Haberá dous premios por categoría e modalidade, aínda que o xurado poderá declarar deserto calquera deles no caso de considerar insuficiente a calidade dos traballos presentados.

O importe dos premios será de:

CATEGORÍA A: 1º Premio: 173,00 euros
2º Premio: 128,00 euros

CATEGORÍA B: 1º Premio: 218,00 euros
2º Premio: 150,00 euros

CATEGORÍA C: 1º Premio: 300,00 euros
2º Premio: 173,00 euros

Para o financiamento dos premios do Certame existe crédito, por importe de 3.426,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 334 48100 Becas e premios promoción cultural no actual orzamento municipal. Non obstante, por tratarse dun expediente de tramitación anticipada de gasto, a concesión dos premios queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión. Todos os actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que ao ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos eses actos.

OITAVA.- Aos premios practicaráselles as retencións legalmente establecidas. A presentación da ficha de inscrición implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Con carácter previo á concesión e ao pagamento comprobarase de oficio que os premiados estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, de ser o caso. De non cumprir estes requisitos notificarase á persoa interesada e concederase un prazo de 10 días para a súa emenda. De non emendar neste prazo, declararase a perda do dereito á concesión ou o pagamento do premio polo interesado.

NOVENA.- Da convocatoria do certame trasládase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 20 da lei xeral de subvencións.

DÉCIMA.- A organización do Certame resérvase o dereito a publicar os traballos premiados. Neste sentido as autoras e autores renuncian a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autoría. Os traballos non premiados destrúense pasado un mes desde o fallo do xurado.

UNDÉCIMA.- O xurado e a organización do certame están facultados para tomar as decisións que consideren oportunas fronte a calquera imprevisto non recollido expresamente nas presentes bases. A participación neste certame implica o coñecemento e a aceptación íntegra destas bases.



XXX EDICIÓN